

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO 2021 – 2022



CEIP Francisco Vales Villamarín



Carregal, 4 (15300) BETANZOS

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es

Teléfono: 881880237 – Fax: 881880240



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONTIDO

LIMIAIR.....	4
ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	6
A. A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	6
B. A SITUACIÓN DO PROFESORADO	6
C. A SITUACIÓN DO ALUMNADO.....	6
D. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	7
DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS.....	8
A. OBXECTIVOS PARA O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	8
B. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO.....	9
C. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO.....	9
D. OBXECTIVOS PARA A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	10
DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	11
ACTIVIDADE 1 . NON TE CORTES COA LINGUA.....	13
ACTIVIDADE 2. A TERRA.....	14
ACTIVIDADE 3. O VALES FALA.....	15
ACTIVIDADE 4. VENRES DE HISTORIAS.....	16
ACTIVIDADE 5. BIBLIOFEIRAS	17
ACTIVIDADE 6. OBRADOIRO DE CALACÚS E CARTONAXE	18
ACTIVIDADE 7. O XOGO DE NANO	19
ACTIVIDADE 8. O APALPADOR E A NENA SEN MEDO	20
ACTIVIDADE 9. IV CONCURSO DE CARTAS AOS REIS MAGOS	21
ACTIVIDADE 10. FIGUEIRIÑAS QUE EU PRANTEI.....	22

ACTIVIDADE 11. O ENTROIDO	23
ACTIVIDADE 12. QUE BRILLE O MEU VERSO	24
ACTIVIDADE 13. CONTACONTOS SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	25
ACTIVIDADE 14. XII CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS	26
ACTIVIDADE 15. CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS.....	27
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES.....	28

LIMIAR

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Francisco Vales Villamarín constitúese de acordo ao Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, coa finalidade de potenciar o uso da lingua galega entre a comunidade educativa do centro e reforzar a súa dimensión comunicativa en toda a actividade diaria do colexio.

É obxectivo deste equipo intentar que as persoas integrantes da comunidade educativa, especialmente o alumnado, aprecien a utilidade da lingua galega e valoren as vantaxes dunha sociedade bilingüe.

O labor do equipo irá na liña de sensibilizar, facilitar e apoiar o uso do galego na maior parte das actividades que se realizan no centro, independentemente do equipo docente que as organice.

Moitos dos obxectivos que cada ano propoñemos están aínda lonxe de ser conseguidos. Hai aspectos claramente superados, tales como a normalización na documentación interna, as comunicacións externas ou a realización dunha serie de actividades didácticas e culturais, que fomentan a participación dunha parte do alumnado e do profesorado. Pero outros aspectos están aínda en proceso e a súa evolución é lenta, aínda queda bastante camiño para un uso normalizado e prestixiado da nosa lingua, posto que os prexuízos e a deixadez mantéñense e o centro está ubicado nunha poboación maioritariamente castelán falante.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Francisco Vales Villamarín está conformada polas seguintes persoas:

- **Coordinadora:** Noelia Pedreira Díaz (5º e 6º Primaria)
- **Xefatura de Estudos:** María Luisa Martínez Duarte.
- **Profesorado:**
 - Montserrat Suárez García (Educación Infantil).

- Cristina Sánchez Veiga (1º e 2º de Primaria).
- Rita Saavedra Percedo (3º e 4º de Primaria).

Debido ao tamaño do noso centro educativo, acordamos ampliar o Equipo con persoas colaboradoras que facilitarán o labor de coordinación entre os diferentes niveis.

Estas persoas colaboradoras son:

- Esperanza Bouza Bedoya.
- Susana González Vázquez.
- Mª Carmen López Yáñez.
- Belén López Carro.
- Carmen G. Sánchez Pedreira.
- María Ojea Alonso.
- Ivana Rodríguez Darriba.

ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

A. A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O CEIP Francisco Vales Villamarín está situado en Betanzos (A Coruña) e escolariza a nenas e nenos de Betanzos, Coirós e Paderne. O alumnado total matriculado no centro ascende a 942. Conta con 12 unidades de Educación Infantil (EI) e 31 de Educación Primaria (EP) cunha ratio media próxima de 22 alumnos e alumnas por aula.

O alumnado procede maioritariamente do centro urbano de Betanzos e pertence a todos os ámbitos sociais posto que é o único centro público de Educación Primaria do Concello. O alumnado procedente de Coirós e de Paderne incorpórase ao centro en Educación Primaria, xa que nos seus Concellos dispoñen de escolas de infantil.

No contorno máis próximo a lingua predominante é o castelán.

B. A SITUACIÓN DO PROFESORADO

O centro educativo conta con 70 mestres e mestras. O seu nivel de competencia en Lingua Galega é alto, pola contra, o uso da mesma como vehículo de comunicación no ámbito escolar é bastante irregular, sendo o castelán a lingua dominante, especialmente á hora de dirixirse ao alumnado, deixándose levar polo feito de que este emprega maioritariamente esa lingua.

Á vista deste datos, este proxecto ten un labor importante no desenvolvemento de actividades para fomentar o uso do galego entre o profesorado xa que xoga un papel decisivo como modelo do alumnado.

C. A SITUACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado, na súa maioría, emprega como lingua vehicular a lingua castelá. En moitos casos existe un comportamento diglósico á hora de dirixirse ao alumnado por

parte das familias. Tamén se dá o caso, en menor medida, de alumnado que chegan á escola expresándose en lingua galega, e en pouco tempo pasa a empregar a lingua castelá nas relacións diarias cos/coas seus/súas compañeiros/as e co profesorado. Aínda así, o nivel de competencia nos aspectos de lectura e comprensión é alto, na escrita é medio e onde se aprecian as maiores dificultades é na expresión oral e no emprego espontáneo da lingua galega.

D. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O centro cumpre coa normativa vixente e emprega a lingua galega como lingua vehicular de relación, especialmente na escrita. Esta situación está consolidada na convocatoria e realización de actividades, no **Proxecto de fomento do uso do galego**, na comunicación da Dirección co profesorado, co alumnado e coas familias; nos carteis informativos, na páxina web do centro...

No deseño dos obxectivos e das actividades deste proxecto o EDLG, como é lóxico, toma como referente constante esta situación sociolingüística coa idea de ampliar e normalizar o uso da lingua galega nas actividades habituais do centro, ademáis das estritamente curriculares.

DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS

Tendo en conta o expresado anteriormente, o **obxectivo principal** deste proxecto vai encamiñado a lograr que o alumnado aprecie a utilidade da lingua galega, a use habitualmente na vida cotiá e valore positivamente o bilingüismo propio na nosa comunidade. Para acadar este obxectivo central, establécense obxectivos específicos arredor de catro bloques temáticos. Facemos notar que a maioría deles están interrelacionados e resultan difíciles de especificar. Todos estes obxectivos obedecen a uns principios básicos en canto á valoración do idioma:

- Respecto á diversidade lingüística e cultural, partindo sempre da premisa de que as linguas suman.
- A lingua galega é un elemento para calquera función comunicativa en calquera contexto.
- A lingua galega é o idioma propio de Galicia.

A. OBXECTIVOS PARA O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

- **A01.** Dar a coñecer o *Proxecto de fomento do uso do galego*.
- **A02.** Continuar coa promoción e a utilización do espazo *Non te cortes coa lingua* como medio de comunicación para a difusión das actividades que se realizan no centro, así como para a proposta de diferentes actividades e participación nas mesmas.
- **A03.** Crear novos espazos de relación co contorno facendo uso das múltiples redes sociais que existen.
- **A04.** Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso da lingua galega.

- **A05.** Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
- **A06.** Intercambiar experiencias, coñecementos e manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e outros EDLG, especialmente das localidades de Betanzos, Coirós e Paderne.

B. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- **B01.** Diseñar actividades en lingua galega para que o profesorado as poida implantar nas súas aulas.
- **B02.** Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.
- **B03.** Difundir aquelas actividades que o o profesorado elabora de forma persoal que fomenten o uso da lingua galega.
- **B04.** Facer uso dos medios tecnolóxicos para que o profesorado teña á súa disposición un banco de recursos en lingua galega.

C. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- **C01.** Crear, coa axuda das novas tecnoloxías, espazos onde o alumnado poida interactuar e estar informado do que acontece no centro.
- **C02.** Diseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.
- **C03.** Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumnado.
- **C04.** Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...
- **C05.** Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.

- **C06.** Fomentar a creación literaria en lingua galega.
- **C07.** Fomentar a creación de xogos tecnolóxicos nos que se use a lingua galega a través da robótica.

D. OBXECTIVOS PARA A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- **D01.** Manter unha actitude integradora da nosa lingua, dentro e fóra da aula, a través de rótulos, taboleiros de anuncios, murais, etc.
- **D02.** Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.
- **D03.** Difundir a lexislación actual e facilitar información en materia lingüística aos diferentes órganos e membros das comunidade educativa.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Para o deseño e a programación das actividades de dinamización da lingua galega, partimos dos seguintes principios de actuación:

- Para conseguir que o noso alumnado empregue a lingua galega con soltura debemos establecer actuacións continuadas e sistemáticas, xa que de pouco serven as actividades puntuais. Fomentaremos que a lingua galega sexa a lingua que se empregue maioritariamente nas actividades complementarias e na comunicación dentro do colexio.
- Pretendemos reforzar a consideración da lingua galega como unha lingua apropiada para a comunicación na vida diaria, en todas as materias, para que a valoren como válida para o presente e tamén para o futuro e non a enmarquen simplemente coma un elemento de folclore e do pasado.
- O profesorado transmite ensinanzas coa súa propia actitude (ensinamos co exemplo), polo que nas reunións co profesorado insistirase na conveniencia de utilizar maioritariamente a lingua galega para comunicarse co alumnado en situacións fóra das estritamente curriculares.
- As actividades propostas serán coordinadas cos diversos equipos do centro, especialmente Biblioteca Escolar, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, e Voz Natura. O EDLG facilitará e promoverá o emprego maioritario do galego nas diversas actividades que se organicen no centro.

Ven sendo costume realizar actividades comúns para todo o centro organizadas arredor de conmemoración especiais, sempre co criterio de seren incluídas dentro do currículo: Día das bibliotecas escolares, Día contra a violencia de xénero, Día das persoas

con discapacidade, festas de outono (Vendima, Magosto, Samaín), Día da Paz, Día de Rosalía, Entroido, Día da muller, Maíos, Día das Letras Galegas.

O papel que desenvolverá o EDLG, ademais da co-organización, é o de facilitar o emprego maioritario do galego, para iso recompilaranse materiais xa elaborados no noso idioma libros, vídeos, cancións, carteis, xogos..., crearanse materiais que se necesitan e adaptaranse outros que se considerende interesantes.

A experiencia de todos estes anos de traballo indíanos que, lamentablemente, existe poucos recursos elaborados no noso idioma en comparación co material elaborado en lingua castelá.

ACTIVIDADE 1 . NON TE CORTES COA LINGUA

OBXECTIVOS	
A01.	Dar a coñecer o <i>Proxecto de fomento do uso do galego</i> .
A02.	Continuar coa promoción e a utilización do espazo <i>Non te cortes coa lingua</i> como medio de comunicación para a difusión das actividades que se realizan no centro, así como para a proposta de diferentes actividades e participación nas mesmas.
A03.	Crear novos espazos de relación co contorno facendo uso das múltiples redes sociais que existen.
A05.	Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
B03.	Difundir aquelas actividades que o o profesorado elabora de forma persoal que fomenten o uso da lingua galega.
B04.	Facer uso dos medios tecnolóxicos para que o profesorado teña á súa disposición un banco de recursos en lingua galega.
C01.	Crear, coa axuda das novas tecnoloxías, espazos onde o alumnado poida interactuar e estar informado do que acontece no centro.
D03.	Difundir a lexislación actual e facilitar información en materia lingüística aos diferentes órganos e membros das comunidade educativa.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, ademais de publicar na páxina web do centro (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/), utilizará o espazo da aula virtual <i>Non te cortes coa lingua</i> (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/course/view.php?id=165) para publicar todas aquelas actividades, novas, lexislación e recursos útiles que crea do interese da Comunidade Educativa. Este é un espazo aberto á participación de toda a Comunidade, o que dará pé a que calquera membro dela poida suxeirir algunha actividade ao longo do curso que non quede reflectida neste proxecto. As	

actividades que queiran ser propostas ou difundidas a través de este espazo, serán enviadas á conta de correo electrónico valesvillamarinedlg@gmail.com.

Así mesmo, trataremos de achegarnos máis a toda a comunidade educativa creando novos espazos de encontro como Twitter, Facebook...

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo de todo o curso (actividade plurianual).

RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO

0€

ACTIVIDADE 2. A TERRA

OBXECTIVOS

A04. Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso da lingua galega.

B01. Diseñar actividades en lingua galega para que o profesorado as poida implantar nas súas aulas.

C02. Diseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.

C03. Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumando.

D01. Manter unha actitude integradora da nosa lingua, dentro e fóra da aula, a través de rótulos, taboleiros de anuncios, murais, etc.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

As persoas que coordinan os diferentes equipos e proxectos do centro educativo reuniranse para coordinar e propoñer diferentes actividades e poder así relacionalas para un maior aproveitamento das mesmas. Todas as actividades que se van a propoñer durante o curso estarán relacionadas dentro dun proxecto documental integrado que terá como nome “A Terra”. O proxecto está recollido dentro da PXA.

Neste proxecto van recollidas as actividades que se propoñen dende o *Proxecto do fomento do galego* xunto coas que se propoñen dende os outros equipos e proxectos para interrelacionalos e conseguir un maior aproveitamento e implicación de toda a

comunidade educativa. Están contempladas múltiples actividades onde a participación das familias é especialmente relevante.

O EDLG procurará que unha gran parte dos materiais que se empreguen na fase de motivación e na de procura de información e a práctica totalidade dos produtos que se elaboren estean en lingua galega.

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo de todo o curso.

RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO

Material funxible (papeis de diferentes formatos, cartolinas, lapis, rotuladores, pegamentos, cores, acuarelas, témperas...).

600€

ACTIVIDADE 3. O VALES FALA

OBXECTIVOS

A04. Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso da lingua galega.

B03. Difundir aquelas actividades que o o profesorado elabora de forma persoal que fomenten o uso da lingua galega.

C02. Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.

C04. Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...

D01. Manter unha actitude integradora da nosa lingua, dentro e fóra da aula, a través de rótulos, taboleiros de anuncios, murais, etc.

D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Consiste nunha actividade sistemática de expresión oral que desembocará na relación de podcasts ou vídeos que se irán publicando nos espazos de *Non te cortes coa lingua*. Periodicamente propoñerase un tema, relacionado co PDI ou coa actualidade. Inclúiranse: expresión de vivencias do alumnado, recollida de ditos, adiviñas, poemas e outros textos populares, recitado de poemas, narración de contos, textos de instrucións, debates, entrevistas, música, recomendación de libros...

Estas actividades gravaranse nas aulas só con son ou con son e imaxe.

Moitas destas actividades suporán un traballo previo de expresión escrita.

As familias participarán colaborando na recollida e posta en marcha de manifestacións culturais tradicionais e procurarán escoitar cos seus fillos e coas súas fillas os programiñas elaborados.

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo de todo o curso (actividade plurianual).

RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTOS

Material funxible (papeis de diferentes formatos, cartolinas, lapis, rotuladores, pegamentos, cores, acuarelas...) que permitirá elaborar o material de apoio aos vídeos.

200€

ACTIVIDADE 4. VENRES DE HISTORIAS**OBXECTIVOS**

A04. Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso da lingua galega.

B01. Diseñar actividades en lingua galega para que o profesorado as poida implantar nas súas aulas.

C02. Diseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.

C05. Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.

D01. Manter unha actitude integradora da nosa lingua, dentro e fóra da aula, a través de rótulos, taboleiros de anuncios, murais, etc.

D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O EDLG colaborará co Equipo de Biblioteca na realización da actividade VENRES DE HISTORIAS. Esta actividade consiste en que cada venres, publicarase un videoconto para a súa difusión dende as aulas ou dende as casas. Cada 15 días, será o propio alumnado quen narrará o video-conto ao resto do alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo de todo o curso (actividade plurianual).

RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTOS

Material funxible para apoiar os vídeos dos contos: cartolinas, cores, témperas, lapis...

200€

ACTIVIDADE 5. BIBLIOFEIRAS

OBXECTIVOS

A04. Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso da lingua galega.

C05. Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.

D01. Manter unha actitude integradora da nosa lingua, dentro e fóra da aula, a través de rótulos, taboleiros de anuncios, murais, etc.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Coa colaboración do EDLG , o Equipo da Biblioteca fará unha escolma de libros, periodicamente (coincidindo coas feiras de Betanzos), sobre as diferentes temáticas que se esten a traballar nas aulas: “A Terra”, escritoras galegas, mes da ciencia en galego, día contra a violencia de xénero... que a comunidade educativa pode atopar na biblioteca do centro.

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo de todo o curso (actividade plurianual).

RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO

0€

ACTIVIDADE 6. OBRADOIRO DE CALACÚS E CARTONAXE**OBXECTIVOS**

A05. Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.

B02. Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.

C02. Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.

C03. Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumnado.

C04. Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...

D01. Manter unha actitude integradora da nosa lingua, dentro e fóra da aula, a través de rótulos, taboleiros de anuncios, murais, etc.

D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará unha actividade, que será levada a cabo por “Compás Proxecto de Animación Sociocultural e Turística” para que o alumnado coñeza o Samaín e os diferentes tipos de cabazas que nos podemos atopar nesta época. A actividade finalizará coa creación dun mural de cabazas realizadas con cartón.

TEMPORALIZACIÓN	
Outubro	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€	

ACTIVIDADE 7. O XOGO DE NANO

OBXECTIVOS	
A05. Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.	
B02. Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.	
C02. Diseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.	
C03. Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumando.	
D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.	
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará un contacontos, que será levado a cabo por Raquel Queizás para que o alumnado mais pequeno goce coa nosa lingua.	
TEMPORALIZACIÓN	
Novembro	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€	

ACTIVIDADE 8. O APALPADORE A NENA SEN MEDO

OBXECTIVOS	
A05.	Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
B02.	Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.
C02.	Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.
C03.	Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumando.
C04.	Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...
D02.	Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará un espectáculo, que será levado a cabo por “A xanela do Maxín” para que o alumnado coñeza a figura do Apalpador.	
TEMPORALIZACIÓN	
Decembro.	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

ACTIVIDADE 9. IV CONCURSO DE CARTAS AOS REIS MAGOS

OBXECTIVOS	
A05. Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.	
A06. Intercambiar experiencias, coñecementos e manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e outros EDLG, especialmente das localidades de Betanzos, Coirós e Paderne.	
B02. Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.	
C02. Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.	
C03. Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumnado.	
C04. Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...	
D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.	
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, e xunto cos EDLG dos centros educativos da contorna, promoveremos a participación do alumnado no concurso de cartas aos Reis Magos que organiza o Concello de Betanzos.	
TEMPORALIZACIÓN	
Decembro (Plurianual).	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

ACTIVIDADE 10. FIGUEIRIÑAS QUE EU PRANTEI

OBXECTIVOS	
A05.	Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
B02.	Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.
C02.	Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.
C03.	Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumnado.
C04.	Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...
C05.	Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.
D02.	Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará un contacontos ilustrado, que será levado a cabo “Polo correo do vento” para que o alumnado coñeza a figura de Rosalía de Castro.	
TEMPORALIZACIÓN	
Febreiro (Día de Rosalía de Castro)	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

ACTIVIDADE 11. O ENTROIDO

OBXECTIVOS	
A04. Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso da lingua galega.	
A06. Intercambiar experiencias, coñecementos e manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e outros EDLG, especialmente das localidades de Betanzos, Coirós e Paderne.	
B02. Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.	
C04. Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...	
D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.	
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
En colaboración cos demais equipos do centro e coas Escolas de Infantil adscritas ao centro, organizarase unha actividade na que o Meco nos dará instrucións de como debemos vir vestidos cada un dos días da semana de Entroido. O día do Entroido o alumnado poderá vir disfrazado de forma libre á escola e convidarase a este a que traian unha merenda propia do Entroido (facendo así partícipes ás familias das tradicións galegas).	
TEMPORALIZACIÓN	
Febreiro.	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€	

ACTIVIDADE 12. QUE BRILLE O MEU VERSO

OBXECTIVOS	
A05.	Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
B02.	Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.
C02.	Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.
C03.	Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumando.
C04.	Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...
C05.	Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.
C06.	Fomentar a creación literaria en lingua galega.
D02.	Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará un taller de poesía, que será levado a cabo por “Apiario” para que o alumnado se aproxime á creación literaria en galego.	
TEMPORALIZACIÓN	
Marzo (Día da Poesía)	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

ACTIVIDADE 13. CONTACONTOS SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

OBXECTIVOS	
A05.	Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
B02.	Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.
C02.	Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.
C03.	Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumnado.
C04.	Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...
C05.	Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.
D02.	Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará un contacontos, que será levado a cabo por Raquel Queizás para que o alumnado coñeza a figura que será homenaxeada este ano o día das Letras Galegas	
TEMPORALIZACIÓN	
Abril (Día do libro)	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

ACTIVIDADE 14. XII CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS

OBXECTIVOS	
A05. Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.	
A06. Intercambiar experiencias, coñecementos e manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e outros EDLG, especialmente das localidades de Betanzos, Coirós e Paderne.	
B02. Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.	
C02. Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.	
C03. Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumando.	
C04. Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...	
D02. Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.	
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, e xunto cos EDLG dos centros educativos da contorna, promoveremos a participación do alumnado no concurso de carteis das Letras Galegas que organiza o Concello de Betanzos.	
TEMPORALIZACIÓN	
Marzo/Abril (Plurianual).	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

ACTIVIDADE 15. CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

OBXECTIVOS	
A05.	Colaborar coas institucións locais e entidades culturais, asociativas, deportivas, outros centros de ensino... do contorno, para organizar e participar en actividades conxuntas ou a difusión de diferentes eventos.
B02.	Fomentar a participación de todo o profesorado nas actividades que se organicen en colaboración con outras entidades ou asociacións.
C02.	Deseñar actividades nas que se promova o uso da linguaxe oral ou escrita.
C03.	Organizar, en colaboración con outras entidades, espectáculos, charlas, talleres... para o alumnado.
C04.	Promover que o alumnado participe das tradicións galegas: xogos, cancións, festas...
C05.	Dar a coñecer a figuras galegas relevantes.
D02.	Achegar á comunidade educativa, elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións (magosto, Samaín, cantos de Nadal, Entroido...) e a literatura propia.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	
O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, organizará un concerto que sirva de festexo para o alumnado da Semana das Letras Galegas.	
TEMPORALIZACIÓN	
Maio (Semana das Letras Galegas)	
RECURSOS MATERIAIS PRECISOS E ORZAMENTO	
0€.	

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S CORRESPONDENTE/S	PERSOAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Todo o curso (Plurianual)	NON TE CORTES COA LINGUA	EDLG	Toda a comunidade educativa.	0€	
Todo o curso	A TERRA	Todos os equipos do centro	Toda a comunidade educativa.	600€	Material funxible vario.
Todo o curso (Plurianual)	O VALES FALA	EDLG TITORÍAS	Toda a comunidade educativa.	200€	Material funxible vario.
Todo o curso (Plurianual)	VENRES DE HISTORIAS	Equipo de Biblioteca EDLG	Toda a comunidade educativa	200€	Material funxible vario.
Todo o curso (Plurianual)	BIBLIOFEIRAS	Equipo de Biblioteca EDLG	Toda a comunidade educativa	0€	
Outubro	OBRADOIRO DE CALACÚS E CARTONAXE	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Novembro	O XOGO DE NANO	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Decembro	O APALPADORE A NENA SEN MEDO	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Decembro (Plurianual)	IV CONCURSO DE CARTAS AOS REIS MAGOS	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello OUTROS CENTROS EDUCATIVOS DA CONTORNA	Alumnado	0€	
Febreiro	FIGUEIRIÑAS QUE EU PRANTEI	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Febreiro (Plurianual)	O ENTROIDO	EDLG Todos os equipos ESCOLAS DE EI da contorna	Toda a comunidade educativa	0€	

Marzo (Plurianual)	QUE BRILLE O MEU VERSO	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Abril	CONTACONTOS SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Marzo/Abril (Plurianual)	XII CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
Maio	CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS	EDLG Servizo de normalización lingüística do Concello	Alumnado	0€	
				1.000 €	

Adquirimos o compromiso, no caso de obter o financiamento debido, de desenvolver as actividades aquí programadas.

En Betanzos, a 28 de xaneiro de 2021

A coordinadora

O director



Asdo: Noelia Pedreira Díaz

Asdo: Alejandro Sánchez Amado

Visto e prace